

Ex libris Nobody

Anxo Tarrío Varela

Están moi de moda os libros dende que se descubriu que non é necesario queimalos, como cando o emperador chino Lin Ying, vai para dous mil e tantos anos, ría moito mandándoos á fogueira; ou cando llos afumaban ao pobre Protágoras de Abdera que viu arder no século V antes de Cristo os productos da súa sabedoría sofista (¡que razón tiña ao dicir que “o home é a medida de todas as cousas”!); ou a Theodor Heuss, idem de lienzo, por culpa de don Hitler; ou, por poñer un caso máis de nós, cando en 1937 mandaron á pira do fascio *Capitães da areia*, de Jorge Amado..

Agora somos máis civilizados e temos outros recursos: ou ben se deixan arrumbados nos sotos dos edificios institucionais para que estean a bo recaudo e contribúan á cimentación do inmóbel, ou ben emparedamos La Puerta de Alcalá ou a muralla de Lugo en colosais alardes de performances instalacionistas, ou ben, aproveitando a metáfora do libro-ladrillo-tocho, construímos arquitecturas ou aproveitamos o colorido das cubertas para facer cadros postminimalistas, como fai Peter Wüthrich estes días no Centro Galego de Arte Contemporánea en preciosa exposición que, falando en serio, recomendo aos lectores: así de paso tamén poderán ver no mesmo CGAC propostas e retrospectivas dos nosos artistas Pamen Pereira e Jorge Castillo. E, xa que lles caerá de camiño, poden entrar na Galería Citania que ten a última carpeta de Euxenio Granell, ou visitar os salóns artesanados de Fonseca para se achegar á interesante acuarelista MJ Borg.

Estou índome do asunto. Porque, como lles dicía, lectores non haberá pero libros haber hainos a moreas, por máis que o corenta por cento dos españois admitan que nunca len. Ademais, xa o din as estatísticas: miles e miles de títulos a se publicar cada ano. Un enigma. Claro que as novas metodoloxías para a observación da literatura hai xa tempo que distinguen entre *lectura* e *consumo* de libros, e que unha cousa é mercar eses obxectos chamados *libros* e outra lelos. ¿E il será que o Día del Padre o Día de la Madre, os cumpreanos e onomásticas de menganitos e zutanitas, nadais, reis, santos valentinos, detallños de visita, vodas, bautizos, divorcios, primeiras e derradeiras comunións, etc., salvan o mercado? ¿E entón, alí onde antes regalabas un libro porque ti mesmo (e sobre todo *mesma*) o leras e coidabas que lle ía gustar á persoa a quen querías agasallar, agora delegas a responsabilidade da lectura nos xuris dos premios literarios ou nos anuncios publicitarios, e non tés que ler nada para quedar ben con papá, mamá ou pepe, porque ti regalas calidade, que xa o di o anuncio? Non, non o creo.